

Unidade 08. Explica procedementos

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

Comprehension lectora

Bachir

Bachir sentiuuse furioso coa nota entre as mans. Dedicoulle uns minutos ao escrito, chegando a descifrar algunas palabras soltas, pero pensou que sería mellor agardar a que Magali pasase por alí para que llo lese. Con coidadiño, púxose de costado e esfollegou o libro. Era outro número de National Geographic, co lombo e as cubertas sobados, con marcas de graxa nas follas. A Bachir dáballe vergonza non saber ler, pero unicamente cando estaba con amigos da súa idade. Xustificaba a súa ignorancia

cunha manda de motivos, todos derivados da doença, que sempre lle impedira unha asistencia regular á escola. En realidade, igual que con outros asuntos, aproveitaba os seus privilexios de enfermo para gozar dun mundo leve e cómodo, á medida das

súas necesidades básicas. Con todo, curiosamente, compracíalle rodearse de libros, que sabía que lle abrían as portas a mundos diferentes do seu.

Gustábanlle os libros de imaxes en que aparecían lugares exóticos, animais marabillosos, rostros e costumes extravagantes... Detívose diante dunhas fotografías que chamaron a súa atención: unha grea de llamas conducida por un grupo de homes de pouca estatura e romos de cara. Non coñecía o nome deses animais e nunca os vira, pero parecéronlle camelos a medio medrar: baixiños, sen corcova, cun pescozo reducido... A pesar diso, os homes cargábanos e cabalgaban. Pensou que aqueles seres humanos debían ser moi desgraciados, con eses animais tan pouco dignos.

Fechou o libro e pensou no seu pai, Brahim Mednah, que andaría polas terras do sur, moi lonxe, coa súa caravana de camelos. Botábaoo de menos, pero sempre fora así. El tiña que moverse cos seus animais dun lado para outro, na procura dos pasteiros mellores e vendendo o gando para manter á familia. Durante xeracións, os Mednah viviran

dos camelos. Se de maior lle curasen os pulmóns, el habería acompañar o seu pai e aprendería a atravesar o deserto. El tamén había de ser cameleiro.

Aburríase. A noite anterior durmira de más. Cambiou de postura e colocouse sobre o outro costado. Os mastros, o fachinelo, a mesiña do té, os coxíns... éranlle tan coñecidos que non lle podían ofrecer distracción. Tampouco tiña ganas de ver o libro, que prefería follear a noite. Colleu o cordón e xogou un anaquiño a escorrentar ou esmagar algunha mosca distraída que andase á procura de faragullas de comida sobre as alfombras.

Ricardo GÓMEZ

O cazador de estrelas

Tambre



Unidade 08. Explica procedementos

Nome: _____ **Curso:** __ **Data:** _____

Comprensión lectora

1. Responde as preguntas.

- Quen narra a historia?

Un narrador en 3.^a persoa.

- Quen é o personaxe protagonista da historia?

Bachir.

- Que non sabía?

Non sabía ler.

- Cal foi o animal que lle chamou a atención?

Unha grea de llamas.

- Onde estaba o seu pai?

Polas terras do sur.

- A que se dedicaba o seu pai?

Era cameleiro.

Unidade 08. Explica procedimentos

Nome: _____ **Curso:** ___ **Data:** _____

Coñecemento da lingua

2. Forma o contrario das palabras seguintes usando prefixos de negación e oposición.

Facer → **desfacer**

Dicir → **contradicir**

Aéreo → **antiaéreo**

Possible → **imposible**

Enroscar → **desenroscar**

Conectar → **desconectar**

Corpo → **anticorpo**

Inflamatorio → **antiinflamatorio**

Normal → **anormal**

Soportable → **insopportable**

Limitado → **ilimitado**

Mortal → **inmortal**

Finito → **infinito**

Conveniente → **inconveniente**

Respectuoso → **irrespectuoso**

Ciclón → **anticiclón**

Móbil → **inmóbil**

Montar → **desmontar**

Peitear → **despeitear**

Crible → **incrible**

Unidade 08. Explica procedimentos

Nome: _____ **Curso:** ___ **Data:** _____

Literatura

3. Copia no teu caderno un inicio dunha das lecturas do trimestre.

Resposta libre.